

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

18918 *Real decreto 1713/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Estatuto do Museo Nacional do Prado, aprobado polo Real decreto 433/2004, do 12 de marzo.*

Mediante o Real decreto 433/2004, do 12 de marzo, apróbase o Estatuto do Museo Nacional do Prado, que no seu artigo 3 define o Real Padroado como un dos seus órganos reitores e que regula a súa composición e competencias no artigo 5 do citado estatuto.

Esta regulación foi o marco para o correcto desempeño de funcións do Real Padroado, o cal foi unha das claves principais para o profundo proceso de modernización da institución nos últimos anos, e que converteu o Museo Nacional do Prado en referente no ámbito da xestión cultural.

O Real Padroado foi o impulsor dos dous plans de actuación aprobados por este órgano para os períodos 2005-2008 e 2009-2012, documentos que trazaron as directrices do Museo na súa consolidación como un museo público universalmente recoñecido pola súa historia e as súas coleccións, un museo distinguido pola súa excelencia científica e capacitación técnica e un museo cunha organización eficiente e comprometida co cambio cultural, e unha clara vocación de servizo público.

Para alcanzar estes obxectivos, o Museo contou, ademais, coa axuda, colaboración e compromiso da sociedade civil que, desde moi diferentes ámbitos e perspectivas, participou activamente nas iniciativas impulsadas desde a Dirección do Museo e o Real Padroado para o cumprimento dos seus obxectivos, fins e funcións.

Neste sentido débese subliñar a importancia que as distintas institucións públicas e privadas tiveron coa súa participación activa no financiamento do Museo, a través dos distintos programas de patrocinio dirixidos a desenvolver actividades nos campos da restauración de coleccións, a programación de exposicións temporais, a reordenación das coleccións, a posta en marcha dunha nova oferta educativa, a mellora da calidade na atención ao visitante ou o impulso á investigación e á formación de profesionais.

Esta vía de xeración de recursos económicos adquiriu un protagonismo destacado no orzamento de ingresos do Museo, orientado a garantir un dos grandes obxectivos da institución, a corresponsabilidade orzamentaria entre a achega do Estado e os ingresos propios do Museo.

O Museo Nacional do Prado desexa recoñecer o papel da sociedade civil coa invitación a representantes seus a participar como membros do Real Padroado, e ampliar o abano de opinións e criterios, e incorporar novas voces a este órgano reitor. Tamén é desexo do Museo realzar o labor, dedicación e sensibilidade cara ao Museo de personalidades do ámbito cultural, económico ou social coa súa incorporación ao Real Padroado.

En resposta a este desexo, e no marco da modificación aprobada pola Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, que afectou precisamente o artigo 7 da Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, relativo á composición do Real Padroado, e conforme o disposto na disposición derradeira segunda da citada Lei 34/2011, modifícase o artigo 5, nos seus números 2 e 4, do Real decreto 433/2004, do 12 de marzo.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Cultura, por proposta do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Museo Nacional do Prado, aprobado polo Real decreto 433/2004, do 12 de marzo.*

O Estatuto do Museo Nacional do Prado, aprobado polo Real decreto 433/2004, do 12 de marzo, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. O Real Padroado, constituído baixo a Presidencia de Honra dos Reis de España, ten un presidente e un vicepresidente, elixidos polo Pleno para un mandato de cinco anos de duración entre os vogais designados, que serán nomeados polo titular do Ministerio de Cultura, e está integrado polos seguintes membros:

a) Vogais natos:

- 1.º O presidente da Comunidade Autónoma de Madrid.
- 2.º O alcalde da cidade de Madrid.
- 3.º O secretario de estado da Función Pública.
- 4.º O secretario de estado de Facenda e Orzamentos.
- 5.º O director xeral de Patrimonio do Estado.
- 6.º O subsecretario do Ministerio de Cultura.
- 7.º O director xeral de Belas Artes e Bens Culturais do Ministerio de Cultura.
- 8.º O director do Museo Nacional do Prado.
- 9.º O presidente do Consello de Administración de Patrimonio Nacional.
- 10.º O presidente da Fundación de Amigos do Museo do Prado.
- 11.º O director da Real Academia de Belas Artes de San Fernando.
- 12.º O director da Real Academia da Historia.

b) Vogais designados:

1.º Dous vogais designados polo Consello de Patrimonio Histórico, por proposta do seu presidente, entre persoas de recoñecida competencia en asuntos relacionados coa xestión do patrimonio histórico español.

2.º Ata un máximo de quince vogais nomeados libremente polo ministro de Cultura, entre persoas de recoñecida competencia en asuntos relacionados co patrimonio histórico español ou que se distinguisen polos seus servizos á cultura.

3.º Ata un máximo de dez vogais, nomeados polo titular do Ministerio de Cultura por proposta do Real Padroado. Esta proposta será tramitada a través da Dirección do Museo, entre persoas físicas ou representantes das institucións públicas ou privadas que realicen contribucións de calquera natureza ao Museo ou ao cumprimento dos seus fins, incluídas as doazóns ou achegas económicas, nos termos e na contía que establezan os acordos sobre achegas de terceiros, aprobados polo Real Padroado do Museo.

Os vogais designados desempeñarán as súas funcións por un período de cinco anos, contados desde a data dos seus respectivos nomeamentos. O mandato poderá ser renovado ata dúas veces máis, por períodos de igual duración. Os vogais designados cesarán ao remate do seu mandato ou por renuncia, falecemento ou incapacidade.

c) Patróns de honra:

O Real Padroado do Museo poderá acordar o nomeamento de patróns e patroas de honra, ata un máximo de dez, entre personalidades do ámbito cultural, económico ou social, que poderán asistir ás reunións deste cando así o acorde o Real Padroado e nos termos que este estableza».

Dous. O número 4 do artigo 5 queda redactado como segue:

«4. Correspóndelle ao Pleno do Real Padroado:

- a) Establecer os principios de organización e dirección do Museo, fixando as súas directrices xerais de actuación e promovendo o seu cumprimento.
- b) Proporlle ao presidente do organismo, para a súa aprobación, os plans xerais de actuación, así como o anteproxecto de orzamento anual do Museo.
- c) Aprobar a memoria anual de actividades.
- d) Aprobar a conta de liquidación do orzamento que se debe render ao Tribunal de Contas a través da Intervención Xeral da Administración do Estado.
- e) Propor cantas iniciativas poidan contribuír ao mellor funcionamento do Museo e ao cumprimento dos seus fins.
- f) Fomentar e impulsar a participación da sociedade no enriquecemento das coleccións do Museo e no seu sostemento.
- g) Iniciar o procedemento de nomeamento e remoción do director.
- h) Elixir os vogais que integran a Comisión Permanente.
- i) Requerir, a través da Comisión Permanente, a remisión de cantos datos, antecedentes, informes e estudos considere de utilidade para o cumprimento dos seus fins.
- j) Propor as distincións honoríficas ás persoas e institucións en recoñecemento polos servizos excepcionais prestados ao Museo e aprobar as regras necesarias para o seu outorgamento.
- k) Proporlle ao ministro de Cultura a aceptación das doazóns, herdanzas ou legados, de carácter histórico-artístico, a favor do Museo, de acordo co previsto na disposición adicional oitava da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- l) Proporlle ao ministro de Cultura, se é o caso, a iniciación do procedemento de modificación do estatuto e emitir informe sobre aquelas normas propostas por outros órganos da Administración xeral do Estado, en desenvolvemento deste estatuto.
- m) Proporlle ao ministro de Cultura, para a súa aprobación, de ser o caso, polo Consello de Ministros, a creación ou participación en fundacións ou en sociedades, cuxo obxecto sexa acorde cos fins do Museo, cando iso sexa necesario ou conveniente para o mellor cumprimento dos ditos fins.
- n) Designar individualmente membros do Pleno para o desempeño de misións ou labores especiais.
- ñ) Proporlle ao titular do Ministerio de Cultura o nomeamento de ata dez vogais, nos termos previstos no punto 2.b).3.º
- o) Acordar o nomeamento de patróns e patroas de honra».

Disposición transitoria única. *Duración do mandato dos vogais designados no momento de entrada en vigor deste real decreto.*

Os vogais do Real Padroado, cuxo mandato se encontre en vigor no momento de entrada en vigor deste real decreto, permanecerán no cargo polo tempo que reste para a finalización do período para o cal foron nomeados, conforme o Real decreto 433/2004, do 12 de marzo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango, no que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente do Goberno de Política Territorial
e ministro de Política Territorial e Administración Pública
MANUEL CHAVES GONZÁLEZ